

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E COMPETITIVIDADE

- 1250** *Resolución do 30 de xaneiro de 2017, da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, pola que se actualiza o anexo I.2 do Real decreto 837/2002, do 2 de agosto, no relativo aos parámetros que determinan a media do consumo dos vehículos de turismo novos que se poñan á venda ou se ofrezan en arrendamento financeiro en territorio español.*

O anexo I.2 do Real decreto 837/2002, do 2 de agosto, polo que se regula a información relativa ao consumo de combustible e ás emisións de CO₂ dos turismos novos que se poñan á venda ou se ofrezan en arrendamento financeiro en territorio español, establece, no seu último parágrafo, que a actualización das ecuacións e dos valores dos coeficientes a, a' e b, b' se realizará, cando proceda, mediante resolución da Secretaría de Estado de Política Científica e Tecnolóxica, cuxas funcións foron asumidas pola Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa do Ministerio de Economía, Industria e Competitividade.

Os valores dos coeficientes a e b e a' e b' varían anualmente a medida que varían as características dos vehículos de gasolina e gasóleo comercializados. Entre estas características cabe destacar os consumos homologados e a superficie que ocupan os vehículos. Ao se tratar dun sistema comparativo de clasificación enerxética entre os vehículos de cada categoría, faise necesaria a actualización dos valores dos ditos coeficientes para evitar que se desvirtúe a clasificación enerxética e se produzan desprazamentos ficticios dos novos vehículos analizados cara a clases de eficiencia enerxética superiores, debido á progresiva diminución dos consumos mixtos dos vehículos comercializados.

Esta resolución prosegue o proceso comezado coa Resolución da Secretaría Xeral de Industria, do 27 de xullo de 2007, publicada no BOE do 8 de agosto de 2007, e continuado pola Resolución da Secretaría Xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa do 24 de setembro de 2012.

Na súa virtude, resolvo:

Primeiro.

Substituír para os vehículos de categoría M1, por actualización, os valores dos coeficientes a e b para vehículos con motor de gasolina e a' e b' para vehículos con motor de gasóleo, utilizados para determinar o cálculo da media do consumo para cada vehículo de turismo en función da súa superficie, e que se determinan no anexo I.2 do Real decreto 837/2002, do 2 de agosto, polos valores que se citan a continuación:

Motores de gasolina, valor a = 1,94; valor b = 0,163.

Motores de gasóleo, valor a' = 1,70; valor b' = 0,146.

Segundo.

Esta resolución producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 30 de xaneiro 2017.—A secretaria xeral de Industria e da Pequena e Mediana Empresa, Begonia Cristeto Blasco.